

## **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN ANTE AS CONDICIÓN EXCEPCIONAIS DERIVADAS DA PANDEMIA DE COVID-19**

---

Ante as dúbidas plantexadas por distintas Comunidades de Montes, e a petición da Organización Galega de Comunidades de Montes, este despacho de avogados decidiu elaborar o presente informe, no que se recollen as recomendacións que deben observarse por parte das C.M.V.M.C. en relación con dous aspectos concretos do seu funcionamento, que son os que veñen xenerando máis incertidume:

1. Celebración das Asembleas Xerais.
2. Aprobación das contas e orzamentos.

### **2.1. CELEBRACIÓN DA ASEMBLEA XERAL**

Ante as prohibicións impostas como consecuencia do estado de alarma declarado en virtude do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, as Comunidades de Montes non puideron celebrar as asembleas de carácter ordinario que os estatutos prevén para a aprobación das contas, balances e orzamentos do ano.

Unha vez reestablecida a situación de “nova normalidade”, as Comunidades están a empezar a convocar as Asembleas que quedaron suspendidas, redactándose a presente nota para dar resposta, precisamente, as dúbidas plantexadas ao respecto.

En primeiro lugar, debe terse en conta que todas as recomendacións que se conteñen na presente nota son válidas e aplicables na data da súa redacción, pero que, dada a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, poden quedar obsoletas en función das novas disposicións que adopte o Consello da Xunta de Galicia ou a Consellería de Sanidade.

Partindo desta base, a normativa que se tivo en conta para a elaboración deste informe foi a *Resolución do 12 de xuño de 2020 pola que se da publicidade ó Acordo*

*do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas posteriores modificacións levadas a cabo polos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño, e do 17, do 23 e do 30 de xullo e as ordes da Consellería de Sanidade do 12, 15, 25, 27 e 28 de agosto, e do 9 e o 10 de setembro.*

Na normativa indicada se establecen as medidas aplicables en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, se ben hai algúns concellos que, dado o incremento de infestados pola COVID-19 que veñen experimentando, sofren maiores restriccións.

Á data do presente informe estes concellos son: Laxe, Lalín, A Guarda, Vilaboa, Poio, O Rosal, Pontevedra, Ponteceso, Santiago, Lugo Ourense, Carballo, A Laracha e parte de A Coruña, onde, ademais de outras limitacións, se circunscibiron as reunións, tanto no ámbito público como privado, a dez persoas.

As Comunidades de Montes ubicadas nalgún destes concellos ou noutros que no futuro sexan obxecto de tales restriccións non poderán celebrar Asemblea Xeral até que se decida o levantamento das mesmas.

Tendo en conta esta salvedade, e dacordo co establecido na normativa antes citada, estas son as medidas que as Comunidades de Montes deberán ter en conta para a convocatoria e celebración das súas asembleas anuais:

1. A Asemblea Xeral se poderá celebrar sempre que non se supere o setenta e cinco por cento (75%) da capacidade permitida no lugar de reunión e cun límite máximo de trescentas (300) persoas sentadas para lugares pechados e de mil (1.000) persoas sentadas tratándose de espazos ao aire libre.
2. Será obrigatorio o uso de máscaras. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. O tipo de máscara que se debe empregar non debe estar provista de válvula exhalatoria e deberá usarse polos asistentes de forma axeitada, é dicir, cubrindo desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído. En opinión deste despacho de avogados, na convocatoria da Asemblea que se envíe aos comeneiros se lles debería advertir de esta obriga, e, en todo caso, cada Comunidade debería facer acopio dun certo

número de máscaras, para poder dispor delas no caso de que algún comuneiro a esqueza o leve unha dun modelo inadecuado.

3. Deberá advertirse ós comuneiros (ben no escrito de convocatoria da Asemblea, ben no momento da chegada ó local de celebración) que non poderán asistir á reunión se nos días previos experimentaron algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.
4. Deberán recollerse os datos persoais de contacto de tódolos asistentes (aínda que é de supoñer que esto xa se fai de forma habitual) para que, en caso de que resulte algún positivo, se poida facer o seguemento e rastrexo dos seus contactos.
5. Nos puntos de entrada e saída do local de celebración da Asemblea disporanse dispensadores de solución/xel hidroalcohólico ou antisépticos con actividade virucida debidamente autorizados e rexistrados.
6. Unha vez concluída a Asemblea, deberá procederse á limpeza e desinfección do local con produtos axeitados para a eliminación do virus.

## **2.2.APROBACIÓN DE CONTAS E ORZAMENTOS**

As restricións e prohibicións derivadas do estado de alarma declarado o pasado 14 de marzo impediron a celebración das Asembleas Xerais nos prazos previstos e, en consecuencia, a falta de aprobación das contas e orzamentos das Comunidades de Montes, o que supón o incumprimento do artigo 13 do Decreto 23/2016, de 25 de febreiro, que establece que *“En el primer semestre de cada año natural, la comunidad de montes comunicará ante la consellería competente en materia de montes los ingresos generados y la realización de las inversiones para la mejora y protección forestal del monte ejecutados en el ejercicio anterior”* .

É certo que conforme ó Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do Covid-19, o

prazo para a presentación das contas anuais das persoas xurídicas de dereito privado se prorrogou até o 30 de novembro, pero tal medida non resulta aplicable ás Comunidades de Montes, posto que estas, como tal, carecen de personalidade xurídica.

Feita consulta telefónica no Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural (Delegación de Pontevedra), se confirmou á Letrada que subscribe que non existe para as Comunidades de Montes ningunha disposición similar á establecida para as empresas, sociedades, asociacións, cooperativas e fundacións e que, dado que xa se cumpriu o prazo máximo legal (o 30 de xuño), non é previsible que se aprobe unha moratoria no momento actual.

Nestas condicións, as Comunidades de Montes que non aprobaron e presentaron as contas antes do 30 de xuño (que será a maioría), atópanse nunha situación de incumprimento das súas obrigas económico-contables e financeiras.

En todo caso, se ben isto é unha consideración persoal sen base legal, é de esperar que, en atención as circunstancias tan excepcionais que motivaron esta situación, existirá por parte da Administración Pública boa vontade e “altura de miras” para non impoñer ningunha sanción nin calquera outra consecuencia prexudicial para as Comunidades de Montes derivada de tal incumprimento, se ben, insistimos, esta é unha crenza puramente persoal dos letrados asinantes deste informe.

En Vigo, a 16 de Setembro de 2020.

Fdo. Calixto Escariz Vázquez

Ltda: Pilar Vázquez Iglesias

**Calixto Escariz S.L.U.**